




OS SETE MAGNÍFICOS MAIS UN
BIVALVOS COMA GALEGOS



O ESPECTÁCULO }

Pedro Brandariz e Fran Rei, coñecidos ultimamente pola súa participación no programa *Luar* da TVG cos seus aloucados personaxes de *O Gordo e o Calvo* e *Os Ramistas*, presentan un novo espectáculo cómico na liña do seu traballo en televisión. *Bivalvos como Galegos* é *O Gordo e o Calvo* en esencia pura. O humor retranqueiro e irónico de Pedro Brandariz e Fran Rei sen colorantes nin conservantes.

Estamos afeitos/as a todo tipo de campañas publicitarias da Administración e de coñecidas empresas para a promoción de Galicia, enalzando os seus atractivos culturais, paisaxísticos e gastronómicos, pero *Os Sete Magníficos máis Un* queremos amosar un outro valor fundamental: o sentido do humor dos galegos e galegas e a súa posta en práctica nas situacións cotiás. *Bivalvos como Galeg@s* é, por dicilo dalgún xeito, unha reflexión chea de retranca sobre como nos enfrontamos os galegos e as galegas a certas situacións cotiás, como poden ser os trámites burocráticos, saír a mercar a prensa un domingo pola mañá ou unha cea romántica nun restaurante demasiado moderno.

En *Bivalvos como Galegos*, Pedro Brandariz e Fran Rei recompilan algúns dos seus mellores gags televisivos, de creación propia, achegándoos á súa propia linguaxe teatral e clown para compoñer un novo espectáculo, o decimoterceiro da súa carreira, cheo de humor sincero, sinxelo e directo e co toque ácido característico das montaxes da compañía.

En definitiva: dous pallasos en escena na procura da gargallada do público.



Elenco: Pedro Brandariz e Fran Rei
Dirección: Iván Prado
Autor: Os Sete Magníficos máis Un e Walter Velázquez
Escenografía: Kukas
Vestuario: Os Sete Magníficos máis Un e Juana Rolón
Técnica teatral: Teatro cómico e clown
Duración do espectáculo: 90 minutos
Público: N.R. menores de 14 anos

A COMPAÑÍA }

TRAXECTORIA DE OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN

Os Sete Magníficos máis Un somos unha compañía galega de pallasos e pallasas creada en 2001, a partir dunha serie de cursos de iniciación e perfeccionamento de clown impartidos pola compañía Good Idea Company e promovidos e organizados polo Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown), dirixido por Iván Prado.

Integrada daquela por novos actores e actrices galegos e galegas, procedentes de diversos medios: teatro afeccionado e universitario, televisión, cabaré, ..., a formación foi mudando e, na actualidade, a compañía está composta por catro dos membros orixinais: Iván Prado (director artístico) e Pedro Brandariz, Isabel Risco e Fran Rei. Ao longo desta década de traxectoria fúmonos formando na arte do clown e o bufón baixo a imprescindible tutela do Festiclown en cursos e obradoiros con algúns dos mestres máis prestixiosos a nivel internacional, entre os que cabe destacar a Leo Bassi, Eric de Bont, Jango Edwards ou Carlo Colombaioni.

Esta banda de piratas de nariz vermello somos unha compañía estable dentro do panorama teatral galego, e nestes once anos de traxectoria temos posto en escena un total de catorce espectáculos, desde a nosa primeira produción, *Cousas de Mulleres* (2001), ata á máis recente *Feliciano!* (2014). E polo camiño títulos como *As Cincenas Desclown-troladas* (2001), *Manicomio só para Clowns* (2002), *A Cadeira Voadora* (2006), *O Gordo e o Calvo Van ao Médico* (2007) ou *Dous Pallasos en Apuros* (2007)..., mantendo sempre o humor e a comicidade como sinal de identidade.

Paralelamente á nosa carreira profesional, **Os Sete Magníficos máis Un** contamos cun extenso currículo no eido social, político e solidario. Así, participamos, entre outras, na Caravana de Pallasos pola Paz en Palestina, en agosto 2002, organizada pola ONG Payasos Sin Fronteras e financiada polo Festiclown. Somos fundadores da organización de cooperación internacional Pallasos en Rebeldía, coa que temos organizado diversas caravanas de pallasos e festivais en territorios en conflito, como Palestina, Chiapas e Sáhara.

Dentro deste traballo hai que destacar a organización do I Festival Festiclown Palestina, que se levou a cabo nas cidades de Nablus, Ramallah e Xerusalén en setembro de 2011.




OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN NO LUAR (TVG) }

Podemos ver a Pedro Brandariz e Fran Rei (Os Sete Magníficos máis Un) todos os venres no popular programa *Luar*. O veterano espazo da TVG conta con esta parella de cómicos – tamén de longa bagaxe – desde a tempada 2012/13.

Así, o mellor do clown galego invade todas as semanas o Plató 1000 e irrompe nos fogares de Galicia a través do televisor para producir o maior número de gargalladas por minuto.

Con *skecthes* sobre temas actuais, con ese toque ácido característico da compañía, estes dous Magníficos danlle a volta ás cuestións cotiás para que a risa non falte na noite dos venres cos seus xa clásicos personaxes de O Gordo e o Calvo.

Desde xaneiro de 2015, Pedro Brandariz e Fran Rei son Os Ramistas do Luar, membros dunha Comisión de Festas imaxinaria da Parroquia de Buscás. Neste novo contexto, e sempre con guións de creación propia, os dous cómicos tiran de retransca para enfrontarse con humor ás aloucadas situacións que se dan no mundo das festas e vervenas galegas.



O ELENCO }

FRAN REI




Fran Rei é membro e coordinador de **Os Sete Magníficos máis Un** – compañía oficial do Festival Internacional de Clown de Galicia - desde a súa fundación no ano 2001 e ten participado en once dos seus espectáculos. Ademais, como actor é membro das compañías Produccións Acontrabutaca (Frantasmás), Bagunça Teatro (Que Máis Dál!) e é director artístico de Teatro do Astracán. No eido audiovisual, destaca a súa participación no programa **Luar** da TVG formando parella cómica habitual con Pedro Brandariz.

Paralelamente ao seu traballo nos escenarios, desenvolve a súa carreira como mestre de dramatización e teatro e nestes últimos anos é responsable da creación e dinamización de diversos grupos de teatro amator. Especialista en clown, imparte regularmente cursos e obradoiros de iniciación e perfeccionamento desta técnica teatral. Igualmente, entre 2001 e 2008 foi coordinador de diversos festivais de artes escénicas, como o Festiclown, Magi-clown ou Firaclown e actualmente é membro da xunta directiva da Asociación Galega de Artistas de Circo.

Sempre ao abeiro do Festival Internacional de Clown de Galicia, Fran Rei estase a formar en diversas disciplinas tetarais como clown, bufón, circo ou interpretación con algún dos mellores mestres internacionais como Leo Bassi, Eric de Bont, Antón Valén, Jango Edwards ou Carlo Colombaioni.

PEDRO BRANDARIZ



Membro fundador de **Os Sete Magníficos máis Un**, Pedro Brandariz ten participado ata o momento en oitos dos espectáculos da compañía oficial do Festiclown. Aborda o humor dende moi diferentes eidos: actor, clown, monologuista cómico, contacontos ...

Artista “polipatético”, ten un amplo curriculum teatral. Ademais do seu traballo en Os Sete Magníficos máis Un, igualmente é membro das compañías Teatro do Astracán, Manicómicos, Produccións Desaqueloutradas e DINAMO Teatro. Tamén ten participado en espectáculos de cabaré, como “conteiro” (monologuista por se non se entende) e en diversos proxectos audiovisuais curtas de cinema ou televisión

(Luar, Para Mariñeiros Nós, ...)

Do seu currículo formativo destacan nomes como Leo Bassi, Carlo Colombaioni, Eric de Bont, Jango Edwards e Peter Ercolano, Loco Brusca, Elliot, ... cos cales aprendeu diversas técnicas tetarais, como clown, teatro cómico, contacontos ou bufón.

O DIRECTOR }

IVÁN PRADO



Iván Prado é fundador e director artístico de **Os Sete Magníficos máis Un** desde a súa fundación en 2001. Director do Festival Internacional de Clown de Galicia e portavoz da organización de cooperación internacional Pallas@s en Rebeldía, actuou como pallaso internacional en México, Venezuela, Brasil e Palestina), ademais de exercer de showman e mestre de cerimonias en varios festivais.

Recibiu ensinamentos dalgúns dos máis grandes mestres do clown: Leo Bassi, Carlo Colombaioni, Jhonny Melville, Phillip Gaulier...

Actuou e impartiu cursos de iniciación e perfeccionamento de clown en varios países e por toda a xeografía peninsular, o que lle permitiu ir desenvolvendo a súa propia metodoloxía.



GALERÍA }





CONTRATACIÓN:
981 582 836
info@culturactiva.org



www.culturactiva.org